



## Concello de Guitiriz

### **DECRETO DE CONTRATACIÓN DE 1 TERAPEUTA OCUPACIONAL DO SAF COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2020, ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, ART. 19.UNO.7 E 9 LOXE 18). EXPTE: 224/2020.**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- O acordo da XGL de data 13/08/2020 polo que se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo de 4 técnicos/as de servizos sociais, persoal laboral fixo (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal, arts.19.uno.7 e 9 LOXE 18).
- No BOP de Lugo nº 245 do 26/10/2020 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. En datas 18/12/2020 e 29/12/2020 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.
- Decreto de alcaldía nº 2021-0115 de data 10/02/2021 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada na sede, web e taboleiro o 11/02/2021 e no BOP de Lugo nº42 do 22/02/2021.
- Decreto da alcaldía nº 2020-325 de data 27/04/2021 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos/as no proceso de selección e se designa ao tribunal, publicado no BOP de Lugo de data 04/05/2021.
- Actas do tribunal nº1 de data 20/05/2021 pola que se publica o cadro de respostas; acta nº2 de data 28/05/2021 pola que se desestiman alegacións e se publica a lista provisional de aprobados; acta nº3 de data 04/06/2021 pola que se publica a persoa proposta para aprobar e se require ás empatadas para que presenten documentación aos efectos de desempatar; acta nº4 de data 22/06/2021 pola que se convoca o sorteo público para o desempate; e acta e anuncio nº5 de data 01/07/2021 pola que se publica a lista definitiva de aprobados e se eleva á alcaldía a proposta da persoa a contratar.
- Decreto nº 2021-546 de data 07/07/2021 polo que se acorda resolver o proceso de selección de 1 terapeuta ocupacional.
- Documentación achegada pola aprobada en data 26/07/2021 co E.R.C. nº 3227.
- Informe de fiscalización da intervención de data 26/07/2021.

As Leis de Orzamentos Xerais do Estado establecen que con carácter xeral as administracións públicas non poderán incorporar de novo persoal temporal, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, sen que sexa necesario ao súa vinculación a servizos prioritarios ou servizos públicos esenciais. O artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia matizaba (aínda que sen rango legal) que tamén poderían excepcionarse aqueles postos de traballos que sexan financiados ao 100% por outras administracións públicas.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

**Concello de Guitiriz**

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: A53X3LCHNDEKFG7AHM66NRGE | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Guitiriz

---

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Contratar con data de inicio de 01/08/2021 como persoal laboral fixo coa categoría de Terapeuta ocupacional do centro de día, ficha nº 30 da RPT co código 69, á dona María Vázquez Picado que superou o proceso de selección de 1 terapeuta ocupacional como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, convocado pola Xunta de Goberno Local en data 13/08/2020 e publicado no BOE de data 29/12/2020, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 20/05/2021:

<i>Nome e apelidos</i>	<i>TOTAL</i>
Vázquez Picado María	56

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á interesada, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Pablo Portela Fernández

---

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: A63X3LCHNDEKFG7AHM66NRGE | Corrección: <https://guitiriz.sectelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2